

CONTRABAJISSIMO

Sergei Rechetilov - contrabaixo

Nacido en Dnepropetrovsk (Ucráina), realiza os seus estudos no Conservatorio Superior da cidade de Kiev co Profesor Boguslav Soyka. Tamén colaborou con distintas orquestras como a Filharmónica e nacional de Ucrania del Teatro de la Ópera.

Tras finalizar os seus estudos traballa como profesor instrumentista na Orquestra de música de Cámara e colabora co Teatro da Ópera.

Durante os anos 1980-1992 participa en varios recitais como solista, é membro en distintos conxuntos de música de cámara e participa en cursos nacionais de contrabaixo da antiga URSS.

En 1992 incorpórase á Orquestra Sinfónica de Galicia, onde segue traballando actualmente. Tamén toma parte en distintos conxuntos de música de cámara dentro da OSG, colabora coa Real Filarmonía de Galicia e coa Orquestra do Principado de Asturias.

Dende 2010 forma parte do grupo Contrabajissimo tendo o seu concerto inaugural no Festival Mozart de A Coruña en 2010.

José Fernando Rodrigues Alexandre - contrabaixo

Empezou os seus estudos no Conservatorio de Música D. Dinis (Portugal) co Profesor Fernando Flores, no cal finalizou os estudos de contrabaixo coa nota máxima. Entre os anos 1992 e 1995 participou en orquestras xuvenís baixo a batuta de mestres como Leonardo de Barros, Jean Marc e Bokmen.

Entre 1995 e 1998 estudou co Profesor Ludwig Streicher, titular da cátedra de contrabaixo na Escola Superior de Música Reina Sofia, cunha bolsa da Fundación Calouste Gulbenkian e da Fundación Isaac Albeniz e participou en clases maxistras impartidas por Thomas Martin e Eugene Levinson. Actuou coa Orquestra de Cámara Freixenet de la Escuela Superior de Música Reina Sofia dirixida polos Mestres José Luís García Asencio, James Judd, Yehudi Menuhim e Zubin Metha.

En 1997 recibiu o primeiro premio do Concurso de Finalistas do Conservatorio superior de Música D. Dinis (Portugal). Como solista actuou en Lisboa, Madrid, Sevilla, Alicante.

No ano 1998, foi contrabaixista principal da Orquestra Ciudad de Oviedo e posteriormente membro da Orquestra Sinfónica de Castilla e León.

Dende 1999 é membro da Orquestra Sinfónica de Galicia e participa frecuentemente como profesor de contrabaixo na Orquestra Nova da Sinfónica de Galicia. En varias

ocasións fué contrabaixista continuo en óperas realizadas polo Festival Mozart de La Coruña e contrabaixista da Orquestra de Cámara do Coro da Sinfónica de Galicia.

Dende 2010 forma parte do grupo Contrabajissimo tendo o seu concerto inaugural en 2010.

Javier Vázquez Grela - piano

Nacido en A Coruña, cidade onde inicia os seus estudos musicais no conservatorio superior de música coa pianista Natalia Lamas e o Concertista Rafael Sebastiá e especializándose en acompañamento vocal con Miguel Zanetti en Madrid. Remata a súa carreira coas máximas cualificacións en 1995. A partir de entón desenvolve unha ampla actividade como solista, acompañante e en formacións de cámara.

Posteriormente trasládase a Barcelona para estudar na Academia Luthier co pianista Antonio Ruiz Melado obtendo ao final dos seus estudos e por unanimidade do xurado o diploma de Concertista Cum Laude. Realizou gravacións para a Radio Nacional de España, Radio Galega, e Televisión de Galicia e estreou numerosas obras de autores da Asociación Galega de Compositores sendo escollido pola devandita asociación no ano 2010 para difundir as súas obras no ciclo Xacobeo Classics patrocinado pola Xunta de Galicia.

En Xaneiro do ano 2007 grava un cd co clarinetista Antonio Suárez con obras de Brahms e Poulenc. Ese mesmo ano e con motivo do 20 aniversario da morte de Federico Mompou interpreta nunha serie de concertos en España e México, a integral das cancións e danzas e as variacións sobre un tema de Chopin.

Dende o ano 1998 é pianista acompañante por oposición do Conservatorio Profesional de Música de A Coruña. No ano 2000 grava a Rapsodia in blue de George Gershwin coa Orquestra Sinfónica Melide e tamén con esta orquestra foi o encargado de estrear no ano 2005 o concerto para piano e orquestra do compositor galego Fernando V. Arias no auditorio de Galicia en Santiago de Compostela.

Actuou en salas de concertos e auditorios de Galicia, Aranjuez (Auditorio Isabel de Farnesio), Boadilla del Monte (Madrid), Barcelona (Casa Elizalde, Centro de Música Contemporánea), León (Fundación Eutherpe), Portugal (Casa Mateus), Zaragoza (Sala Luís Galve) Valladolid, Ámsterdam, Utrecht, en varias cidades de México (a destacar o concerto no Museo Nacional de Historia en México DF), Londres (St Dunstan in the west), París (Notre Dame de Compassion), e no Museo Franz Liszt de Budapest.

Os seus próximos compromisos para a tempada 2011-2012 inclúen concertos en San Petersburgo e Tokyo así como en diversas cidades españolas.

CONTRABAJISSIMO

Programa

Giovanni Bottesini

Variacións "Nel cor piú non mi sento"
Sergei Rechetilov, cb.

Giovanni Bottesini

Fantasia on "La Sonambola"

1. Allegro Vivo
2. Allegro
3. Allegretto

José Fernando Rodrigues Alexandre, cb.

Gioachino Rossini

Dúo para violonchelo e contrabaixo (vers. para dous contrabaixos)

1. Allegro
2. Andante molto
3. Allegro

Giovanni Bottesini

Passione Amorosa (para dous contrabaixos e piano)

1. Allegro deciso
2. Andante
3. Allegretto